



# Indicadores de multilocalización empresarial

Resumo de resultados 20/10/2023

## Índice

Introdución.....	1
Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas.....	2
Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia.....	4

## Introdución

Para avaliar as características e actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas é preciso contar con estatísticas que acheguen tanto a información periódica sobre as principais variables, como unha base para outras operacións estatísticas específicas. Por analoxía, interesa tamén coñecer a presenza e actividade noutras CCAA das empresas que teñen en Galicia a súa sede. A esta necesidade responden os [indicadores de multilocalización empresarial](#):

- **Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas (IMAct\_)**: mide o peso que teñen na actividade de Galicia as empresas con sede noutras Comunidades Autónomas.
- **Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia (IMEmp\_)**: mide a actividade que as empresas con sede en Galicia levan a cabo noutras Comunidades Autónomas.

Os indicadores IMAct\_ elabóranse para os establecementos de 10 ou máis persoas ocupadas e para o total. Os indicadores IMEmp\_ elabóranse para o total de empresas e para as de 10 ou máis persoas ocupadas. Nun e noutro caso, a investigación comprende as actividades incluídas nas seccións B, C, D, E (industria), G (comercio) e H, I, J, L, M, N (servizos de mercado, non financeiros) da [Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 \(CNAE-09\)](#).

## Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas

A cifra de negocios das empresas industriais con sede fóra de Galicia que en 2021 realizaron algunha actividade económica na comunidade autónoma supón o 29,6% do total do importe neto da cifra de negocios das empresas deste sector con actividade en Galicia. Para as empresas dedicadas ao sector servizos, esta porcentaxe sitúase no 20,5% en 2021 e para as empresas comerciais, a cifra baixa ao 14,1%.

No tocante ao emprego, as empresas industriais con sede fóra de Galicia dan traballo ao 11,8% das persoas ocupadas na industria de Galicia. No sector do comercio a cifra é moi semellante (sitúase no 13,3% en 2021). Pola contra, no sector servizos a porcentaxe sobe ao 18,8%.

### Actividade en Galicia de empresas con sede noutras comunidades autónomas. Ano 2021

*Unidade: porcentaxe (%)*


Sector	Persoas ocupadas	Importe neto da cifra de negocios
Industria	11,8	29,6
Comercio	13,3	14,1
Servizos	18,8	20,5

*Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial (descarga da táboa: [industria](#), [comercio](#), [servizos](#))*

Se se comparan as porcentaxes observadas en 2021 coas do ano anterior, obsérvase que aumentou o peso das empresas industriais con sede fóra de Galicia no importe neto da cifra de negocios xerado por este sector na nosa comunidade autónoma (1,8 puntos). Pola contra, diminuíu en 0,7 puntos o peso das empresas que se dedican ao comercio e teñen a sede fóra de Galicia na cifra de negocios do sector; similar evolución experimentaron os servizos, onde esta porcentaxe reduciuse en 0,6 puntos en 2021 respecto a 2020.

## Porcentaxe do importe neto da cifra de negocios xerado en Galicia polas empresas con sede noutras comunidades autónomas

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial (descarga da táboa: [industria](#), [comercio](#), [servizos](#))

No caso do emprego, o peso das empresas con sede fóra e actividade en Galicia increméntase en 2021 con respecto ao 2020 no sector do comercio, pero diminúe, pola contra, na industria e no sector servizos. Así, neste último sector, o persoal ocupado polas empresas con sede fóra pasa de representar o 20,2% do total da ocupación do sector en 2020 a representar o 18,8% en 2021; diminúe, por tanto, 1,4 puntos. Na industria esta porcentaxe diminúe en 0,6 puntos. No comercio, pola contra, o peso das empresas con sede fóra de Galicia na xeración de emprego aumenta en 0,4 puntos no período considerado.

## Porcentaxe de persoal ocupado en Galicia polas empresas con sede noutras comunidades autónomas

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial (descarga da táboa: [industria](#), [comercio](#), [servizos](#))

## Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia

No que respecta ás empresas industriais con sede en Galicia que en 2021 realizaron algunha actividade económica noutra comunidade autónoma, o 6,6% do seu importe neto da cifra de negocios facturouse fóra de Galicia. No sector servizos, esta porcentaxe sobe ao 8,1% e no comercio ao 15,7%.

Ademais, o 4,6% das persoas ocupadas polas empresas industriais con sede en Galicia e actividade fóra estivo ocupada noutra comunidade autónoma en 2021; no sector servizos esta porcentaxe sitúase no 7,9% e no comercio acada o 17,5%.

## Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia. Ano 2021


Unidade: porcentaxe (%)

Sector	Persoas ocupadas	Importe neto da cifra de negocios
Industria	4,6	6,6
Comercio	17,5	15,7
Servizos	7,9	8,1

Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial (descarga da táboa: [industria](#), [comercio](#), [servizos](#))

## Porcentaxe do importe neto da cifra de negocios das empresas con sede en Galicia xerado noutras comunidades autónomas

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial (descarga da táboa: [industria](#), [comercio](#), [servizos](#))


Se se comparan os pesos observados en 2021 cos do ano anterior, obsérvase que a porcentaxe do importe neto da cifra de negocios das empresas con sede en

Galicia xerado fóra da nosa comunidade autónoma aumentou nos tres sectores considerados; no comercio, en 0,1 puntos; na industria, en 0,5 puntos, e no sector servizos, o incremento situouse en 0,6 puntos.

No referido ao persoal ocupado, a porcentaxe de ocupados e ocupadas das empresas comerciais con sede en Galicia que traballa fóra diminuíu 0,3 puntos porcentuais entre ambos períodos de análise. Nas empresas do sector servizos, en consonancia coa evolución observada pola cifra de negocios, obsérvase tamén un incremento do persoal ocupado alén das nosas fronteiras, de 0,8 puntos. No caso das empresas industriais, esta porcentaxe aumenta 0,7 puntos entre 2020 e 2021.

### Porcentaxe de persoal das empresas con sede en Galicia ocupado noutras comunidades autónomas

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial (descarga da táboa: [industria](#), [comercio](#), [servizos](#))

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón: [https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_multilocalizadas\\_gl.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_multilocalizadas_gl.pdf)



---

**Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>